

LUME DE MASTRO

Poemario
2013
Xaime Toxo

Palabra de mar
que me anega...
palabra...
aliento frío.

Só ti
albiscabas
navíos en tránsito
atravesando
as profundidades do abismo.

Apañamos
tanto mar
polos ollos,
nos areais do fin do mundo,
que regresamos
en travesías de derrota
polas cubertas do abandono.

Un fío de luz no serán,
o motor caldo do auto.
Gabeabamos polo lombo
dunha despedida.
pola terra vermella,
entre chíos de paxaros.
A ría ao fondo,
as pólas abatidas das árbores,
o nome ausente da vacaloura.
O atardecer foino
ocupando todo,
ata os nosos movementos.
Estabamos atentos e abandonados.
Ninguén máis
que o territorio que pisamos
sabe de nós.

Estás aí,
á volta de calquera cousa,
ganduxado á miña sombra
de neno que se vira
para apañarte
dese non estar
que me afoga.
Sei de ti por min.

Necesitarte
era outra maneira
de facer quilómetros.

Hai batallas perdidas
de guerras non celebradas
percorrendo
túneles transparentes na memoria.
Hai seráns
que ordeno palabras
que formaron parte
do meu corpo.

II

De todas as batallas
que emprendín
a máis dolorosa foi contra min mesmo
no desalento escuro
de medrar.

Nada descoñezo
das prazas
e dos labirintos perdidos,
das sombras desta cidade,
da ausencia
e do silencio teu.

Durante días dubidei
que houbera algo máis
que chairas atravesadas
pola autoestrada,
o son das ondas
na ribeira,
as terrazas cos vasos de cervexa
enriba da mesa.
Teu pelo mentres
te movías na cadeira de metal.
A violenta verticalidade do cantil
e o vo
do galo mariño.
As palabras
entre o fume dos cigarros
e un bafo quente
que nacía da terra.

Fúcheste
nunha palabra
que eu non souben
pronunciar nunca.

Que eu exista
para o mar é insignificante.
Que me deite,
levante ou camiñe,
á area desta praia
dálle o mesmo.
Que xogue a zafar
da persecución da miña sombra,
ao sol élle indiferente.
Que me ispa
e deixe arrebolarse o meu corpo
polo devalo da resaca,
supón menos
que a lenta singradura
da medusa.
Son a figura anónima
dunha mañá perfecta.

Estabas tan lonxe
que nin o recordo
me chegaba de ti.
Ao pousar a man no mapa,
enriba da cidade que habitabas,
sentín os teus pasos
a quilómetros de distancia.

Construín os panos
que me cobren
co arneirón dos penedos,
meus silencios
co bater das ondas
na quilla
do meu peito.
Deille forma as cadernas,
arrei o leme
na ollada perdida
dunha bruma que me espanta.
Mariñeiro dun barco
que nunca abandono.

A palabra
nontronte
é o pasado noutro país
que xa non é o meu.
Un corpo que ten a miña cara,
máis nova e riseira.
Unhas mans
que respiran
os cons dunha praia.
Un mar
que é meniña
de intensa
cor de lembranzas.

A forza que tiñas,
daquela maneira,
sen nada que dar.
E facer de todo
ademais de cantar,
e bulir de aquí para alá,
ademais de liscar.
Andar a correr,
coller e pillar.
Saltar e berrar
por riba do mar.
Así sen máis,
ti e mais eu,
viaxar a soñar.

Volvín enredar
co meu pai
arrincado da profundidade
dun leito mariño.
Tan real e transparente
coma un abismo.

I

Camiño polos
territorios
perdidos dos
mapas.

II

O intre da onda
nace
do abismo.

III

A nube
cobizaba
a levedade do xarabal.

IV

A idade
é un criminal
imperfecto
que non acaba de liquidarnos.
PESCADOIRA.

Hai un mar
que estrala
contra a distancia
que me acompaña.
Nunca saín de Pescadoira,
dos lombos e gabeiros que habitei,
das gamelas que se elevan
coa forza dos estobos e toletes,
das rutas que trazan
arroases en deriva.
Rumbos en retornos de regreso
a un areal que me pensa,
penedo que murmura
o zoar da miña voz.
Meu soño de marea
atravesa o vento dunha caravana
que se arreda
por un deserto
de desolada extensión sen nome.

O peixe home que son
asoma a unha extensión
de mundo descoñecido.
Unha onda aberta
para ser memoria,
enredado
nos espazos sen forma,
nos rochedos elevados,
en murallas.
Meus mares que voguei
con risos
doutras noites.
Só ollos e mans...
e unha fina capa
de pel
que me serve de berce.

Son
pel
pau
vento
un quiñón de pasos
a forma dun penedo
sons dun escenario agachado
arrecendo de humidade
e brevidade dunha mañá
diáfana coma un saúdo
unha liña de fanecas,
o mazar dun polbo
un resollar de xogo
que acaba mal,
un outro soño
de caravana.
A cobiza
polo deserto.

Vivía tan preto
do mar
que batía no meu insomnio
o transparente naufraxio
da medusa.

Es unha hedra
de palabras
que medran
gabeando
onda arriba.

Non penso como Borges
que o meu destino
esteá escrito nunha biblioteca,
nin que o labirinto
ignoto que non comprendo
conduza a un confuso comezo.
Non teño estirpe
nin posúo o alento
dun deserto.
Alimento un caos
de rostros e palabras,
sen eco nin memoria.
O ronsel sen fin
dun paxaro oceánico,
a ruta dun barco
nafragando
en temporais de
ferocidade.

RAMÓN

Se partillara
o tempo en anacos
ti serías un refacho de febreiro
nun areal de Bueu.
Dous nenos sentados
nun muro de cachote
coa casa detrás...
e unha ausencia
asomada na xanela.

SOBRAL

Tes no teu corazón
un mar sen ribeiras,
Sobral,
espazo nu
marxe aberta.
Unha soidade
de misterio tan branco
como foto revelada.
Un regueiro de tinta luminosa
pola costeira esquerda da ría
formas de dozura inacadable
nas túas mans.
Largacía tenra de amizade
arredor dos teus ollos
lenzos para escribir
sen final,
Antón,
espazo nu
do mar que hai
no teu corazón.

Palabra
alento frío
que traza rutas
no bafo dos cristais.
Non me esquezas
Non me esquezas
Non me esquezas
Palabra
singradura
de corpos coma ceos
onde faenamos
rumbos que nos desorientan.

Búscame
polos territorios
perdidos
dos mapas.

Ecoaban
naquela illa
sensacións de habitar
un espazo procurado.

Emerxiches
no meu leito
unha mañá...,
como unha illa
no mar da tranquilidade.

Avisárasme:
non me busques,
estarei sempre
trazando
rumbos de derrota.

Que coordenadas
debo trazar
no mesto neboeiro
do medo,
no mapa dos mares.
Na xerfa íntima
que expulsas
polos poros do teu corpo.
Estabas de novo en min.
Nos amenceres dos azulexos,
nos peiraos dos portos,
non deixo de preguntar por ti.

Fondéame
coas palabras
de onte
e cúbreme de area.

A mañá
que me levantei
coma se tivese sete anos
espertei cedo
para ser unha coordenada
do teu falar.
“Ando polos territorios
perdidos dos mapas...”
Díxenche.
E inventaches un nome
coma un penedo,
revolto e granítico.
Engadiches...
“Ti es un punto cardinal
nos límites do meu corpo,
voute poñer Norte”.
Norte.
Unha palabra tan antiga
como a alma da terra.
Palabra de pedra
no cabo do mundo.
Palabra de nós
que non fomos
nin pedra, nin río, nin paxaro...

Palabra de mar
para afogarnos no alento frío
das singraduras.

Palabra
tecido de sombra
no lenzo branco
do asombro.

XOGO

No pandar
do lusco fusco,
o xogo infantil das sombras
ocultoume
de min mesmo.

Ninguén se acordará
de min
cando as nubes,
noutra volta,
ó chegar o inverno
tolden o ceo
co granítico color do esquezo.

Espertei tan cedo
para percibir
que o teu ronsel de días
pola casa
estaba a esmorecer.
Sentei no sofá
a deitar a mirada
nas follas das árbores,
aló da xanela.
A ausencia facíache
transparente no recordo.

Esta voz procede
de montañas
que agromaron no interior do meu
corpo,
de certas sombras nun bosque
dunha conversa,
sen dúbida, de ocultarme.
Respiro para nada máis
que volver
a un alento de ouro
sobre a superficie
do mar.

O vento
xogaba con nós
a repetir retrousos
que nos facían soñar.

Non sinto
dor
na soidade
de acompañarme durante horas.
Nin fitarme
de fronte no espello.
Toparme comigo
nalgún comedor
ou mercando ese produto
con data de caducidade
que lle pon límite
á miña propia vida.
Non sinto
o sufrimento que transpiro
ao abrírense as portas do elevador
e saír a un interior
de tempo que non ten fondo.

Cando moves
as mans
na brisa do vento
trazas
o perfecto mapa da viaxe.

Afúndese
o remo no mar,
fende
a superficie da nube.
Avanza
a gamela sobre unha luz inmóbil.

Deitado...
a boca aberta contra a area.
Falo coa terra.

A viaxe
levounos máis lonxe
do que imaxinamos.
Soubemos,
nun lugar remoto,
que non había retorno.

I

Sempre regreso
ao que permanece
de ti en min.

II

Sei de ti por min
porque te traio
de onde estás
e te recorro
paso a paso
ata atoparte.

Un po
de xerfa
cubre o areal...
coma se chovese,
faenando
no mar do noso asombro.

Fervía o mar
nas túas mans.
Puxeches arneiróns
enriba do meu peito
a agromáronme
cunchas na mirada.

Só ti albiscabas
medusas
en tránsito...
voando
nas profundidades dos abismos.

O movimento brevíssimo
a borrar as pegadas na area
foi o devalo
do corpo
sobre a onda.

Establecemos unha memoria
mariñeira
de nós mesmos.
Sendo
mar, vento e ausencia.

SOLINHO.

I

Camiñamos
tantas veces
pola mesma praia
dos recordos...
que volvemos ser os meniños
que perseguían
a sombra das gaivotas pola area.

II

Viviamos de recoller
ardentías.
Espidos,
alancando pola praia,
habitando o esquezoz.

Atravesando
o océano
a medusa xogaba
a ser cometa.
No medio da noite,
no máis profundo do mar
era de día.

AUSENCIA.

Que sería de min
se a túa presenza
non me espertase
polas noites
cun baleiro no peito
que só
o mantra repetido do teu nome
pode encher.

Ser nós,
sucando o mar.
Ser vento,
marusía que todo o move.
Ser nós,
lume de mastro,
pantocazo contra a proa,
índonos pola salseira do ronsel.
Ser nós,
sinal sen corpo,
na extensión desértica
do areal.

Está entrando un furacán de cores

pola boca da ría.
Está entrando
entre as pólas dos loureiros.
Hai un revoltallo de nubes
nun ceo próximo.
Vén unha marusía de grises
directa aos teus ollos,
un navío desnortado no maretón,
unha ruta de colisión sentimental
inevitable.
Vixía! Anton Sobral... Vixía!!
Brúa o mariñeiro bébedo
que faia eses en amarelo
polo peirao dos naufraxios
no cemiterio mariño do desasosego.
Hai unha autoestrada asfaltada
de espellos nas correntes oceánicas,
vendavais no ventre violeta das sereas.
Camiñas boca abaixo
polo padal do ceo en manobra de
arribada,
lenzos como velas
no sen fin mouro da treboada.
Limpas arneiróns na ferida da balea,

acougas no devalo da tardiña,
enxergando ardentías de trasmallo
no profundo pétreo dos carolinos,
bebidos nunha cobiza de afogado.
Mentres largas o chicote,
Antón, pola liña do horizonte...
coa última marea
na procura dos verdellos,
nos mares macelados da morriña,
procurando tabernas mariñeiras
no underground do abismo.
Chantas os dedos
no chan lamacento da ameixa,
na area longa das navallas.
Agachas para o regreso
escamas de emocións
no laño que habita o queimacasas.
Hai un galo mariño
berrando azuis e grises na boca da ría,
Sobral das mil mareas.
Un son que vén do mar
anegando de lilas
as nubes que orballan sobre ti.

FIN.

Convocado por ninguén
erixinme en pedra,
e descansei
no colo da túa man.
Fun cachote de muro
e leito de hedra,
congostra dalgún solpor
e penedo dun
instante luminoso.
Un quiñón de vontade e desatino
nunha concisa figura xeométrica
rodeada de herba.
Baixo a numeración árabe,
un deserto
que intentou ser emoción,
a coutada eternidade
dun son de palabras
atragoadas na sombra do abismo.